



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

De que creación de emprego falan?

Rúas ateigadas de obras, promesas e anuncios de investimentos, manipulación dos datos para facernos crer que esta estafa social á que chaman crise está a rematar... Todo vale para apañar os votos necesarios para manterse no poder, cómpranse os votos con cemento, formigón e chapapote; e o peor de todo e que lles funcionou durante moito tempo.

Calquera se dá conta que hai unhas eleccións moi preto, ademais son municipais o que significa que poñerán a centos de obreiros contratados (por días ou semanas) a furar nas rúas e beirarrúas da cidade, que se inaugurarán obras que levan anos paradas e que se anunciarán outras que esquecerán unha vez pasadas as eleccións.

E xa o dixemos antes, se teiman nesta estratexia é porque lles funciona, con esta táctica moitas persoas esquecerán o desmantelamento e a privatización de servizos básicos como a sanidade, a educación e a atención á dependencia; esquecerán os miles de millóns que nos roubaron para darllos á banca, ás grandes empresas eléctricas ou ás autopistas.

En cada proceso electoral repítase o mesmo, poñen en marcha toda a maquinaria electoral para que só nos fixemos na propaganda, na manipulación descarada coa que os medios de comunicación ao servizo dos poderosos nos bombardearán tódolos días. Buscarán a maneira de que esquezamos o esencial: a estafa social á que estamos sometidos.

Todo isto tamén acontece dentro da Telefónica, cando se aproximan as eleccións sindicais o bombardeo de información/manipulación increméntase de xeito exponencial. Todo está calculado, nada se deixa ao azar, o resultado das eleccións sindicais debe permitir a transformación que pretende a empresa: destrución de emprego e de condicións laborais e máis subcontratación a contratas con condicións de traballo cada vez máis precarias.

Tratarán de que non se fale do roubo salarial que nos aplicaron no Plan de Pensións e no plus de produtividade, das condicións de traballo en Comercial, das disponibilidades obrigatorias, dunha Clasificación Profesional feita á medida da empresa para que fagamos de todo... E aparecerán as promesas para o futuro.

Mais todo debера ter un límite, non deberían tomarnos o pelo deste xeito, falar de creación de emprego nunha empresa que destruíu 50.000 postos de traballo nos últimos 20 anos é unha burla á intelixencia dos traballadores e traballadoras.

Sempre é unha boa noticia que entre xente nova na empresa, aínda que sexa case en exclusiva para a área de comercial e se faga mediante becas. Pero non debemos esquecer o importante, os EREs nesta empresa non se fixeron coa intención de rexuvenecer a plantilla, non se fixeron para substituír a xente de máis idade por mozos e mozas e así garantir o futuro da empresa.

Os EREs serviron para destruír emprego, para empeorar as nosas condicións laborais e para transformar a Telefónica nunha empresa case sen empregados, coa maior parte do traballo externalizado. Convén non esquecerlo.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 17 de marzo de 2015